Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:11:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:11:44
Nº Rexistro: 43425
Data envío: 30/12/2025 13:11:44.374

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:12:39
Nº Rexistro: 43428
Data envío: 30/12/2025 13:12:39.430

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A recente información publicada en medios de comunicación de ámbito estatal (infoLibre, 19 de agosto de 2025) puxo de manifesto a existencia dun negocio millonario arredor da xestión privada dos medios aéreos de extinción de incendios en Galicia, no que a empresa Inaer-Babcock se converteu no principal e case exclusivo adxudicatario dos contratos convocados pola Xunta de Galicia.

Segundo estas investigacións, a compañía beneficiouse durante anos de procedementos de contratación pública caracterizados pola falta de concorrência real, a adxudicación reiterada por vías negociadas sen publicidade efectiva e a introdución de condicións técnicas que deixaban fóra a outras empresas do sector. Ademais, varios altos cargos da Xunta foron sinalados en procesos xudiciais pola súa presunta implicación en irregularidades vinculadas a estes contratos.

A opacidade na contratación e a concentración deste servizo público esencial nun único operador privado non só compromete os principios básicos de transparencia e libre concorrência que deben rexer a contratación pública, senón que tamén xera dúbidas razoables sobre a eficiencia no uso dos recursos públicos e sobre a seguridade dun dispositivo estratéxico para a protección do territorio galego, cada vez máis ameazado polos incendios forestais que estamos a padecer.

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:00
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:00
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153336

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:12:39
Nº Rexistro: 43428
Data envío: 30/12/2025 13:12:39.430

É obriga das institucións é garantir que a xestión dos recursos destinados á loita contra os incendios forestais responda unicamente ao interese público, mediante procesos transparentes, fiscalizados e abertos á competencia, evitando situacións de dependencia ou privilexio empresarial.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Vai remitir o Goberno galego ao Parlamento un informe detallado sobre as contratacións públicas de extincións de incendios adxudicadas nos últimos dezaseis anos a empresas vinculadas ao grupo empresarial INAER ou BABCOCK no que se inclúan os custos, medios, incidencias e grao concorrência de empresas que se presentaron a esas licitacións?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153337

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:00:22

Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 13:00:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:12:39
Nº Rexistro: 43428
Data envío: 30/12/2025 13:12:39.430

CSV: BOPGDSPG-wguygaQXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:12:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:12:39
Nº Rexistro: 43428
Data envío: 30/12/2025 13:12:39.430

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:13:51
Nº Rexistro: 43432
Data envío: 30/12/2025 13:13:51.658

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), como ente público dependente da Xunta de Galicia, cumpre unha función esencial na promoción e dinamización da economía galega, o apoio ao tecido empresarial, a atracción de investimentos e a planificación de políticas públicas no eido económico.

No seu marco de actuación, a oficina económica do Igape desempeña tarefas estratéxicas que inclúen a análise económica, a elaboración de informes, a avaliación de programas e o deseño de políticas de desenvolvemento.

Nos últimos anos, constatouse unha crecente tendencia á externalización destas funcións chave a empresas privadas, incluíndo informes técnicos, asesoramentos estratéxicos e mesmo labores de xestión de fondos públicos. Esta externalización supón, en moitos casos:

- A perda de control directo sobre información sensible e estratéxica da economía galega.
- A opacidade na toma de decisións, ao quedar fóra do marco da función pública.
- Un incremento do gasto público destinado a contratacións externas, en detrimento do fortalecemento dos cadros de empregados públicos e técnicos internos.
- A desvalorización do traballo do persoal do Igape, así como a limitación das capacidades da administración galega para xerar coñecemento propio.

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:01
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:01
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153340

@PSdeG



28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:13:51
Nº Rexistro: 43432
Data envío: 30/12/2025 13:13:51.658

O uso moderado e xustificado da externalización pode ter sentido en casos puntuais e altamente especializados, pero a súa utilización sistemática e xeneralizada representa un risco para a autonomía, a eficacia e a transparencia da administración pública. Unha oficina económica forte, con recursos e capacidade técnica interna, é clave para o deseño dunha política económica galega ao servizo do interese xeral público.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que tipos de tarefas ou funcións foron externalizadas a empresas privadas pola oficina económica do Igape?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153341

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:01:28

Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 13:01:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:13:51
Nº Rexistro: 43432
Data envío: 30/12/2025 13:13:51.658

CSV: BOPGDSPG-wguygaQXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:13:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:13:51
Nº Rexistro: 43432
Data envío: 30/12/2025 13:13:51.658

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:14:58
Nº Rexistro: 43435
Data envío: 30/12/2025 13:14:58,397

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O 9 de xullo de 2025 o Goberno de España presentou no Congreso dos Deputados un ambicioso Plan estatal de prevención e loita contra a corrupción, elaborado en colaboración coa OCDE, o Consello de Europa (GRECO), a Comisión Europea e o Foro de Goberno Aberto.

Este plan representa un avance histórico na modernización institucional e na construción dunha cultura pública de integridade e transparencia, con especial atención á contratación pública, ámbito sensible con alto risco de irregularidades e de fraude. A colaboración con expertos internacionais garante que estas medidas estean baseadas nas boas prácticas recoñecidas a nivel mundial.

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorecen moitas irregularidades na contratación pública se materialicen.

O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades.

Por parte do Goberno galego hai desleixo sistemático, ano tras ano, na aplicación das recomendacións que o Consello de Contas realiza con criterios técnicos e rigor profesional. Falamos tamén de irregularidades contables no

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:02
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:02
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153344

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:14:58
Nº Rexistro: 43435
Data envío: 30/12/2025 13:14:58,397

Sergas, de opacidade nas entidades do sector público instrumental e dun uso abusivo dos contratos menores- nos que hai adxudicatarias con vínculos familiares do ex-Presidente da Xunta de Galicia e de altos cargos do Goberno galego- que impiden a concorrência, vulnera a lei de contratos e favorece prácticas clientelares.

Por parte do Consello de Contas de Galicia ao fiscalizar a contratación pública do Goberno galego vense sinalando que, atendendo ao resultado da avaliación efectuada e ás principais conclusións extraídas, débense aprobar unha serie de medidas para favorecer a transparencia da actividade contractual, sobre todo coa finalidade de diminuír o abuso dos contratos menores e aqueles contratos nos que non hai concorrência.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Comprométese o Goberno galego a que todas as consellerías e entidades do sector público autonómico, para diminuír o abuso dos contratos menores, a aprobar un plan anual de contratación, identificando as necesidades que se van reiterar ao longo do exercicio e aquelas que se manteñen por un tempo superior a un ano?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153345

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:02:25

Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 13:02:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:14:58
Nº Rexistro: 43435
Data envío: 30/12/2025 13:14:58,397

CSV: BOPGDSPG-wguygaQXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:14:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:14:58
Nº Rexistro: 43435
Data envío: 30/12/2025 13:14:58,397

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:15:52
Nº Rexistro: 43438
Data envío: 30/12/2025 13:15:52.745

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O 9 de xullo de 2025 o Goberno de España presentou no Congreso dos Deputados un ambicioso Plan estatal de prevención e loita contra a corrupción, elaborado en colaboración coa OCDE, o Consello de Europa (GRECO), a Comisión Europea e o Foro de Goberno Aberto.

Este plan representa un avance histórico na modernización institucional e na construción dunha cultura pública de integridade e transparencia, con especial atención á contratación pública, ámbito sensible con alto risco de irregularidades e de fraude. A colaboración con expertos internacionais garante que estas medidas estean baseadas nas boas prácticas recoñecidas a nivel mundial.

O primeiro eixo do Plan, centrado na prevención da corrupción, supón un avance decisivo na construción dunha administración máis aberta, eficiente e inmune ás prácticas clientelares. Entre as medidas máis salientables atopamos:

- A creación dunha axencia independente de integridade pública, con autonomía funcional, encargada da supervisión preventiva e do control dos riscos de corrupción.
- A elaboración dunha lei de administración aberta que afofnde na participación cidadá e na transparencia proactiva.

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:03
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:03
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153348

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:15:52
Nº Rexistro: 43438
Data envío: 30/12/2025 13:15:52.745

- A aprobación dunha lei de transparencia e integridade dos grupos de Interese, para regular a súa actividade e influencias na elaboración normativa e na toma de decisións políticas.
- O establecemento de controles patrimoniais aleatorios sobre altos cargos, que garantan o control do enriquecemento ilícito.
- A modernización do portal de contratación pública, incorporando tecnoloxías avanzadas como a intelixencia artificial para a detección de prácticas irregulares.

A corrupción, alén do seu impacto penal, erosiona a cohesión social, alimenta o descrédito institucional e supón unha perda directa de recursos públicos que deberían destinarse a servizos esenciais. Galicia, como comunidade autónoma con competencias plenas en materia de organización administrativa, contratación pública e control do seu sector público, non pode permanecer á marxe deste esforzo estatal de rexeneración democrática.

Resulta necesario, polo tanto, adaptar e implantar en Galicia as medidas do primeiro eixo do Plan estatal, dotando á nosa comunidade dos instrumentos necesarios para anticipar e previr calquera práctica corrupta, e situando á cidadanía no centro das políticas de transparencia e integridade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Prevé o Goberno galego presentar unha lei galega de integridade e rexeneración democrática na presente lexislatura?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153349

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:03:02

Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 13:03:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:15:52
Nº Rexistro: 43438
Data envío: 30/12/2025 13:15:52.745

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:15:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:15:52
Nº Rexistro: 43438
Data envío: 30/12/2025 13:15:52.745

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:16:31
Nº Rexistro: 43440
Data envío: 30/12/2025 13:16:31.525

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O 9 de xullo de 2025 o Goberno de España presentou no Congreso dos Deputados un ambicioso Plan estatal de prevención e loita contra a corrupción, elaborado en colaboración coa OCDE, o Consello de Europa (GRECO), a Comisión Europea e o Foro de Goberno Aberto.

Este plan representa un avance histórico na modernización institucional e na construción dunha cultura pública de integridade e transparencia, con especial atención á contratación pública, ámbito sensible con alto risco de irregularidades e de fraude. A colaboración con expertos internacionais garante que estas medidas estean baseadas nas boas prácticas recoñecidas a nivel mundial.

Así, entre as medidas do plan estatal prevese a incorporación de ferramentas de “*Big Data*” e intelixencia artificial para detectar irregularidades e mellorar a supervisión dos contratos públicos, así como o establecemento de bandeiras vermellas “red flats” para previr, detectar e corrixir o fraccionamentos do obxecto nos contratos menores.

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorece moitas irregularidades na contratación pública.

O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:04
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:04
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153352

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:16:31
Nº Rexistro: 43440
Data envío: 30/12/2025 13:16:31.525

controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades.

Esta mellora da transparencia na contratación pública do sector público autonómico que se require polo Grupo Parlamentario Socialista refírese, ademais, ao sector institucional da Xunta (sociedades, fundacións) de Galicia que se caracterizou, tradicionalmente, por unha aplicación máis laxa e opaca das esixencias derivadas da normativa contractual.

O cumprimento do principio de transparencia na contratación pública resulta esencial para promover a concorrência, garantir a igualdade de trato dos licitadores e a obxectividade das adxudicacións, así como asegurar a economía, eficacia e eficiencia do gasto público.

A apertura do acceso á información da actividade contractual permite, ademais, controlar o correcto desenvolvemento dos procedementos de adxudicación e da execución das prestacións.

Nos termos expresados pola OCDE, a transparencia é unha condición chave para o fomento da integridade e para evitar a corrupción na contratación pública.

O Goberno galego a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, pode implementar estas innovacións para reforzar a integridade e a transparencia en todas as fases do procedemento, por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego incorporar tecnoloxías de intelixencia artificial á Plataforma de Contratos Públicos de Galicia para previr, detectar e corrixir irregularidades, fraudes ou actos de corrupción nas distintas entidades do sector público autonómico?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153353

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:16:31
Nº Rexistro: 43440
Data envío: 30/12/2025 13:16:31.525

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-wguygaQXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153354

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:04:00

Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 13:04:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:16:31
Nº Rexistro: 43440
Data envío: 30/12/2025 13:16:31.525

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:16:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:16:31
Nº Rexistro: 43440
Data envío: 30/12/2025 13:16:31.525

CSV: BOPGDSPG-wguygaQXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:17:32
Nº Rexistro: 43443
Data envío: 30/12/2025 13:17:32.565

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A transición enerxética xusta e sustentable require dun compromiso decidido das administracións públicas co impulso do autoconsumo e das comunidades enerxéticas locais como fórmulas de democratización da produción e consumo de enerxía limpa.

Neste contexto, o Goberno de España, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), vén de resolver unha nova convocatoria do Programa CE Implementa, financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cun resultado moi favorable para Galicia.

Segundo anunciou o delegado do Goberno en Galicia o 25 de agosto de 2025, a nosa Comunidade recibirá 20,7 millóns de euros para a posta en marcha de oito novas comunidades enerxéticas locais, o que supón máis da metade (53 %) do total dos fondos concedidos en todo o Estado nesta convocatoria. Estas axudas permitirán desenvolver cinco comunidades enerxéticas en Vilar de Barrio (Ourense), unha en Sarreaus (Ourense), outra en Valdoviño (A Coruña) e unha máis en Vigo.

A nivel estatal, os 27 proxectos seleccionados suman 68 MW de nova potencia renovable e 56 kWh de almacenamento, amosando o dinamismo social e económico arredor destas iniciativas e o interese crecente da cidadanía en participar activamente na transición enerxética.

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:04
Por Lara Méndez López

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:04
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153357

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:17:32
Nº Rexistro: 43443
Data envío: 30/12/2025 13:17:32.565

Cómpre subliñar que o Goberno de España vén adoptando medidas normativas e económicas de apoio ao autoconsumo e á xeración distribuída. Entre elas figura o proxecto do coñecido como “decreto antiapagamentos”, que incorporaba mecanismos de protección social fronte á crise enerxética e incluía tamén disposicións de fomento do autoconsumo. Un decreto que, cómpre lembrar, contou co voto en contra do PP e o BNG no Congreso dos Deputados, evidenciando a súa falta de compromiso real cunha transición enerxética xusta e accesible para a cidadanía.

Pola contra, a Xunta de Galicia non conta cun programa, cunha estratexia clara para apoiar o autoconsumo e as comunidades enerxéticas locais, limitándose a convocatorias testemuñais, con pouco orzamento, con baixa execución, o que amosa a falta de liderado do Goberno galego e que non aposta polo autoconsumo enerxético.

O contraste coa aposta do Goberno central resulta evidente: mentres se dota de recursos significativos e aposta por un modelo socialmente inclusivo, Galicia permanece á marxe, deixando pasar unha oportunidade para fortalecer o papel dos concellos, cooperativas e particulares na transición enerxética.

Por todo isto, e tendo en conta o interese crecente da sociedade galega en participar activamente na xeración e consumo de enerxía limpa, resulta urxente esixir á Xunta que rectifique a súa inacción neste ámbito.

Por iso, as deputadas que asinan pregunta:

Por que o Goberno Galego segue sen apoiar de forma estable financeiramente nin legalmente nin tecnicamente o autoconsumo e as comunidades enerxéticas locais, mentres o Estado si o fai, e o PP mesmo rexeitou o decreto antiapagamento?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

153358

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:04:40

Lara Méndez López na data 30/12/2025 13:04:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:17:32
Nº Rexistro: 43443
Data envío: 30/12/2025 13:17:32.565

CSV: BOPGDSPG-wguygaQXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:17:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:17:32
Nº Rexistro: 43443
Data envío: 30/12/2025 13:17:32.565

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:21
Nº Rexistro: 43445
Data envío: 30/12/2025 13:18:21.659

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:05
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela constitúe un recurso fundamental para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e galego-portugués, tanto para estudantes como para profesionais e cidadanía en xeral. O dominio de idiomas resulta chave para a empregabilidade, a mobilidade académica e laboral, así como para a proxección internacional da capital de Galicia, cidade universitaria e de forte atracción cultural e turística.

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:05
Por Aitor Bouza Manso

Porén, a EOI de Santiago leva anos arrastrando limitacións de espazo, escaseza de aulas e infraestruturas que dificultan a correcta organización das súas actividades. O crecemento da demanda de alumnado e a diversidade de niveis obriga a unha planificación complexa, cun número insuficiente de aulas dispoñibles para atender con normalidade as clases presenciais.

A isto súmase a necesidade de ampliar a oferta de idiomas impartidos. Mentres noutras cidades galegas se ofrecen máis linguas estranxeiras, a EOI de Santiago non ten experimentado un desenvolvemento proporcional á súa relevancia como cidade de referencia educativa. Isto supón unha limitación para o alumnado que se quere formar en linguas estratéxicas para o futuro laboral, económico e cultural de Galicia.

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:05
Por Patricia Iglesias Rey

Resulta urxente que a Xunta de Galicia dea resposta a estas necesidades, tanto no eido de infraestruturas (habilitación de novos espazos e aulas) como no de programación académica (ampliación de idiomas ofertados).

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153361

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:21
Nº Rexistro: 43445
Data envío: 30/12/2025 13:18:21.659

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cal é a previsión da Consellería de Educación respecto das carencias que presenta a Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153362

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wguygaQXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:05:32

Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 13:05:39

Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 13:05:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:21
Nº Rexistro: 43445
Data envío: 30/12/2025 13:18:21.659



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:18:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:21
Nº Rexistro: 43445
Data envío: 30/12/2025 13:18:21.659

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:56
Nº Rexistro: 43447
Data envío: 30/12/2025 13:18:56.248

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:06
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado, pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O IES de Cacheiras é o único instituto público do concello de Teo e acolle a maior parte do alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato do municipio, así como estudantes procedentes doutros concellos limítrofes.

O crecemento poboacional da contorna e a progresiva consolidación do centro como referente educativo derivaron en múltiples necesidades que a día de hoxe non foron resoltas pola Consellería de Educación.

Entre as principais demandas da comunidade educativa salientan:

- A ampliación e modernización das instalacións para dar resposta ao aumento de matrícula.
- A construción e cubrición de espazos deportivos e de lecer, que permitan a práctica de actividade física en condicións dignas durante todo o ano.
- Melloras en accesibilidade, eficiencia enerxética e seguridade das instalacións.
- A actualización dos recursos tecnolóxicos e do equipamento específico para os distintos itinerarios educativos.

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:06
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:06
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153365

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:56
Nº Rexistro: 43447
Data envío: 30/12/2025 13:18:56.248

- O reforzo do cadro de profesorado e de persoal de apoio, especialmente en áreas de orientación e atención á diversidade.

O Pleno do Concello de Teo aprobou unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a atender estas necesidades.

Corresponde agora ao Parlamento de Galicia trasladar esa demanda, co obxectivo de garantir unha educación pública de calidade para todo o alumnado do IES de Cacheiras.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai a Consellería de Educación atender a demanda de ampliación e mellora das instalacións do IES de Cacheiras, trasladada polo Concello de Teo e pola comunidade educativa?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153366

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 13:06:33

Aitor Bouza Manso na data 30/12/2025 13:06:41

Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 13:06:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:56
Nº Rexistro: 43447
Data envío: 30/12/2025 13:18:56.248

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:18:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:18:56
Nº Rexistro: 43447
Data envío: 30/12/2025 13:18:56.248

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, presentou en setembro de 2023 a Estratexia de Oncoloxía de Precisión que constitúe a folia de ruta para implantar unha medicina personalizada para o cancro en Galicia, seguindo os principios reitores da equidade e eficiencia.

A citada estratexia foi deseñada a través dun proceso de colaboración no que participaron de xeito directo profesionais sanitarios, xestores e sociedades científicas.

Ademais, durante o proceso de elaboración da mesma, escoitouse a voz doutras partes interesadas coma representantes dos intereses dos pacientes, industria biotecnolóxica e farmacéutica.

O proceso de consulta participativa permitiu identificar necesidades non cubertas, así coma oportunidades e pancas de cambio a empregar para alcanzar os obxectivos enfocados. Como resultado establecéronse 17 liñas de traballo que unha vez implementadas, permitirán mellorar o diagnóstico e tratamento do cancro a través dunha medicina personalizada e de precisión.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para por en marcha a Estratexia de Oncoloxía de Precisión?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 13:35:26

Noelia Pérez López na data 30/12/2025 13:35:43

Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 13:35:53

Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 13:36:10

Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 13:36:23

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 13:36:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 13:36:39

Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 13:36:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:39:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:39:26
Nº Rexistro: 43449
Data envío: 30/12/2025 13:39:26.500

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

Unha enfermidade rara é aquela considerada minoritaria ou pouco frecuente. Son enfermidades que, con perigo de morte ou invalidez crónica, teñen unha prevalencia menor de 5 casos por cada 10.000 habitantes.

Actualmente, estímase que existen entre 6.000 e 8.000 enfermidades raras diferentes que de forma illada son pouco frecuentes, pero en conxunto teñen unha grande importancia, xa que afectan a entre un 5% e un 7% da poboación.

A Xunta de Galicia aprobou o 7 de maio de 2021 unha Estratexia Galega de Enfermidades Raras propia co obxectivo de establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas.

Unha Estratexia que para a súa redacción contou coa participación dos profesionais sanitarios, os pacientes e familiares a través da Federación Galega de Enfermidades Raras (FEGEREC).

O desenvolvemento desta Estratexia tivo un horizonte temporal de 4 anos onde fomos testemuños das medidas, accións e programas que se foron implantando.

Unha vez rematado o seu período de vixencia o Consello da Xunta de Galicia aprobou a nova Estratexia galega en enfermidades raras 2025-2030 que substitúe a anterior.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que novidades incorpora a nova Estratexia galega en enfermidades raras 2025-2030?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2025

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:42
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 30/12/2025 ás 13:42
Por María Encarnación Amigo Díaz



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2025 13:42:24

Noelia Pérez López na data 30/12/2025 13:42:33

Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2025 13:42:44

Víctor Baladrón Lamas na data 30/12/2025 13:42:50

Nicole Grueira Fernández na data 30/12/2025 13:43:10

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/12/2025 13:43:16

Argimiro Marnotes Fernández na data 30/12/2025 13:43:25

Maria Magdalena Perez Millares na data 30/12/2025 13:43:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:46:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:46:37
Nº Rexistro: 43483
Data envío: 30/12/2025 13:46:37,044

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:47:03
Nº Rexistro: 43485
Data envío: 30/12/2025 13:47:03.178

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O verán de 2025 está a deixar unha das campañas de incendios forestais máis graves dos últimos anos en Galicia, cunha superficie queimada que xa supera as 4.700 hectáreas, segundo datos oficiais a mediados de agosto, e con focos especialmente virulentos na provincia de Ourense —co incendio de Chandrexa de Queixa arrasando preto de 3.000 hectáreas—, e outros en Ponteceso, Vilardevós, Maceda, A Cañiza, A Fonsagrada e Samos, Ourense entre outros.

Os lumes deste ano afectaron a zonas de alto valor ambiental provocando danos ambientais, económicos e sociais de enorme magnitude, e obrigando a desaloxos preventivos en varios concellos.

Esta vaga de incendios prodúcese nun contexto de cambio climático, abandono progresivo do rural, acumulación de biomasa e falta de medidas preventivas estruturais que veñen sendo reclamadas dende este grupo parlamentario a través de múltiples iniciativas, así como por sindicatos, expertos e colectivos sociais desde hai anos.

O Pladiga 2025, aprobado e presentado fóra de prazo, non incorporou as medidas necesarias para facer fronte aos incendios convectivos ou de sexta xeración, nin garantiu a profesionalización e estabilidade laboral do operativo de prevención e extinción. A contratación de brigadas municipais e de fixos discontinuos segue sendo temporal e limitada aos meses de maior risco, o que impide realizar traballos de silvicultura preventiva ao longo do ano.

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:40
Por Lara Méndez López

Asinado o día 30/12/2025 ás
13:39
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153375

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:47:03
Nº Rexistro: 43485
Data envío: 30/12/2025 13:47:03.178

Por todo isto, e á vista da situación actual reclamamos de novo á Xunta de Galicia que modifique de xeito inmediato a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego non ten mudado o sistema de loita contra incendios a pesar da advertencia dos expertos a raíz da vaga de lumes do ano 2017?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

153376

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2025 13:39:59

Lara Méndez López na data 30/12/2025 13:40:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:47:03
Nº Rexistro: 43485
Data envío: 30/12/2025 13:47:03.178

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:47:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:47:03
Nº Rexistro: 43485
Data envío: 30/12/2025 13:47:03.178

CSV: BOPGDSPG-wguygaXF-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

